



## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 18 DE XUÑO DE 2015.

### ASISTENTES:

#### **Alcalde-presidente**

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL ( PSdeG-PSOE)

#### **Concelleiros/as**

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO ( PSdeG-PSOE)

D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ ( PSdeG-PSOE)

D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL ( PSdeG-PSOE)

D. ADRIAN VARELA VAZQUEZ ( PSdeG-PSOE)

D. XOSE MANOEL FIRVIDA PLAZA (BNG)

D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)

D. M<sup>a</sup> CONSUEL VISPO SEARA (P P)

D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (P P)

D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (P P)

D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. MANUEL ANGEL GÓMEZ VAZQUEZ (PP)

D. MIRIAM PRIETO VALDES (PP)

D. SERAFINA VARELAS VIEIRA ( D. O.)

D. JULIA JACOME PÉREZ (D.O.): **AUSENTE**

D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO( GRUPO MIXTO)

#### **D. Secretario Xeral**

D<sup>a</sup> Silvia Alonso Fernández

#### **Interventora de fondos**

D.<sup>a</sup> Eva García Fernández

*No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 20:00 horas do día 18 de xuño de 2015 réunese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.*



Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Boas tardes a todos, benvidos, en primeiro lugar quero dar a benvida aos novos concelleiros e concelleiras que inician esta lexislatura e por suposto dar tamén a benvida aos novos grupos políticos que son resultados do sentir democrático da veciñanza do noso Concello e darlle as grazas tamén ao público pola súa presenza que é a primeira vez que nunha sesión ordinaria temos esta afluencia, esta asistencia.

Dicir tamén que os obxectivos deste novo goberno, desta nova lexislatura, son as de mellorar a calidade de vida da veciñanza, contando para elo coa transparencia, coa proximidade coa participación veciñal, e gobernando pensando nas persoas; queremos contar con todos os grupos políticos nun debate, serio, centrado no diálogo consultivo entre todos os grupos.

Dicir tamén que teñen que desculpar o que aconteceu hoxe en relación aos micros, que parece ser que faltan dous micros, que xa están encargados, tamén se pediron cadeiras novas para completar o aforo que falta e a partir de ahí traballar con regularidade e o máis comodamente posible, simplemente dou por aberta esta sesión e paso a falar da constitución dos grupos políticos municipais, ten a palabra a señora Secretaria.

**A sra. Secretaría toma a palabra:** Dáse conta pola Secretaria Municipal da constitución dos grupos políticos municipais con todas as formulas legais requeridas.

### 1- DACIÓN DE CONTAS DE CONSTITUCIÓN DE GRUPOS MUNICIPAIS

De conformidade co disposto nos artigos 23 e 29 do ROF e tendo en conta a documentación presentada, propónse quedar informado da constitución dos grupos políticos e designación de voceiros, co seguinte detalle:

- Grupo Popular: Integrado polos 6 concelleiros do Partido Popular que designan como voceiro a D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara e como primeiro voceiro suplente a D. Manuel Ángel Fernández Quintas, e como segundo voceiro suplente a D. Manuel González Vázquez.
- Grupo do PSdeG-PSOE: Integrado polos 5 concelleiros do PSdeG-PSOE que designan como voceiro a D. Xosé Carlos Valcárcel Doval e como primeiro voceiro suplente a D.<sup>a</sup> Victoria Morenza



Doforno, como segundo voceiro suplente a D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández, como terceiro voceiro suplente a D. José Rafael Sierra Carril e como cuarto voceiro suplente a D. Adrián Varela Vázquez.

– Grupo do BNG: Integrado polos 3 concelleiros do Bloque Nacionalista Galego que, designan como portavoz a D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Anxela González Cid e como primeiro voceiro suplente a D. Xosé Manoel Fírvida Plaza e como segundo voceiro suplente a D. Serafín Núñez Pérez.

– Grupo Democracia Ourensana: Integrado polos 2 concelleiros de Democracia Ourensana que designan como voceiro a D.<sup>a</sup> Serafina Varelas Vieira e como primeiro voceiro suplente a D<sup>a</sup>. Julia Jácome Pérez.

– Grupo Municipal de Compromiso por Barbadás: Integrado por 1 concelleiro de Compromiso por Barbadás que designa como portavoz a D. Ramón Padrón Calviño.

## 2.-PROPOSTA DE ALCALDIA DE PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO.

Tendo en conta o disposto no artigo 46 da lei 7/1985, modificada pola Lei 11/1999, as sesións ordinarias do Pleno do Concello terán lugar o primeiro luns de cada mes ás 19:30 horas en inverno e ás 20:00 horas no verán. Cando dita data coincida con día inhábil pola Alcaldía proporase tras consultar cos portavoces unha nova data, de conformidade co artigo 46 da Lei 7/1985, modificada pola Lei 11/1999, todo isto sen prexuízo de realizar as sesións extraordinarias que resulten necesaria

**O sr. Alcalde toma a palabra:** A proposta que facemos e que os plenos se celebren con carácter mensual por unha razón máis sinxela, ao longo destes últimos anos a cidadanía sempre nos demandou poder participar nos plenos, esa facultade, esa posibilidade sempre estivo coartada o cercenada polo feito de ser pola mañá. a xente durante as mañás habitualmente ten os seus quefaceres, ou realiza os seus traballos, o noso obxectivo é precisamente que os veciños e veciñas podan participar habitualmente nas sesión plenarias e para iso a nosa proposta é de que se fagan pola tarde para que poidan ser moito máis participes na vida pública e na vida política do noso Concello. Ten a palabra o portavoz do grupo Compromiso por Galicia.

**O sr. Ramón toma a palabra (CxG):** En principio esta proposta parécenos ben, pero non tivemos tempo para estudala, o mellor por unha cuestión de gasto consideramos que o mellor non sería efectivo, o feito de que se fixeran pola tarde para que acudira a xente, e nós como levamos na nosa proposta a creación dunha radio municipal para o tema de transmitir os plenos en directo e para outras moitas cousas



que falamos, que xa falaremos máis adiante, ao mellor a proposta de ser polas tardes ao mellor non sería tan efectiva, porque co tema da radio chegaría a calquera parte do Concello e polas mañás toda persoa que puidera acudir, podería acudir igual porque polas tardes temos un problema que é que non sabemos o tempo que van a durar as sesións, porque si houbera un tempo determinado pois sería máis efectivo, pero non sabendo canto van a durar, pois tamén suporá un problema porque haberá veciños que poidan vir, pero o mellor non poden estar aquí tres ou catro horas sentados mirando para nós, entón creo que é algo en estudo, nós en principio vamos a votar a favor, pero gustaríame preguntarlle a Secretaría si isto se pode revocar noutro pleno, ¿ se pode modificar?

**A sra. Secretaría toma a palabra:** Todo acordo pode ser modificado por outro acordo ulterior da corporación.

**O sr. Ramón toma a palabra :** Vale, moitas grazas. Entón imos a votar a favor, pero bueno estudarémolo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

**A sr. Varelas toma a palabra ( D.O.):** Ben, a min que sexa polas tardes non hai ningún inconvinte, eu adaptacióne a calquera horario, porque penso que por encima de todo están os veciños, e hai que facelo, entón non hai problema en que sexa nese horario.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra o voceiro do Bloque Nacionalista Galego

**O sr. Firvida toma a palabra:** Boas tardes, boas tardes aos grupo municipais, boas tardes ao público asistente, agradecer tanto a Democracia Ourensana como a Compromiso por Galicia que voten a favor desta proposta do grupo de goberno, está é unha demanda veciñal que nós levamos comprobado nos últimos oito anos, todo o mundo estaba desexando poder participar democraticamente nos plenos deste Concello, de feito nós temos previsto facer unha modificación do regulamento que organiza os plenos e unha ordenanza municipal que permita a participación veciñal, y entendemos que iso ten que ser en horario de tarde, porque polas mañás os horarios laborais pois os habituais son polas mañás e dificultaría moito a participación veciñal. A duración dos plenos, eu creo que teremos que traballar sobre ese tema, conxuntamente todos os grupos municipais, debemos establecer e elaborar un novo regulamento como dixer, onde pois establezamos a duración máxima dos plenos, intervencións, mocións, etc, pero o faremos coa vosa colaboración, a radio municipal tamén é un compromiso deste grupo de goberno, pero entendemos que agora mesmo non a temos e en todo caso creo que é moi difícil suplir a participación democrática con escoitar un pleno pola radio nunha casa, eu creo que non hai que confundir participación con información, a información si que a pode dar a radio pero a participación democrática significa estar



aquí, asistir aos plenos, participar, e ademais que as súas propostas sexan recollidas nas actas municipais, entón nós mantemos esa proposta de que os plenos sexan en horario de tarde.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra a voceira do grupo socialista

**A sr. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE):** Bueno, nós na mesma liña que plantexa o compañeiro Fírvida, e facémonos eco dunha reclamación da veciñanza dende hai moitos anos, e consideramos moi importante que os plenos sexan pola tarde, precisamente para compatibilizalo coa vida laboral, porque senón a moita xente sería lle imposible acudir, e bueno en espera de que se cree a radio municipal poderíase estudar este tema, pero por o de agora a nós parécenos ben unha mostra de que é unha boa proposta e que hoxe haxa xente no pleno, cando normalmente non hai nin unha soa persoa nos plenos de Barbadás.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, ten a palabra a voceira do Grupo Popular.

**A sra. Vispo toma a palabra (PP):** Boas tardes a toda a corporación, boas tardes a todos os veciños, dende o Grupo Popular estamos de acordo en que os plenos sexan pola tarde, non os imos a opoñer, todo o contrario, os veciños son o primeiro, e para iso estamos aquí nesta corporación, o que non entendemos é a hora do Pleno, todo o grupo do Partido Popular opina o mesmo, vostedes saben que foi unha crítica a antiga lexislatura o horario de mañá, para que os veciños poidan asistir estamos de acordo, pero vostedes saben que agora mesmo somos cinco grupos políticos nesta corporación, que soamente traendo tres mocións cada un de nós, os plenos pódense alargar un montón e a verdade e cos veciños al estar acompañándonos ás 8:00 da tarde en verán e ás 7:30 en inverno, pois pode ser que incluso os teñamos que invitar a cenar, entón o que sí, moitas de nós, mulleres que somos Concelleiras temos nenos pequenos, e eu creo que neste momento algo que vostedes han predicado que é a conciliación da vida familiar agora mesmo pondo a esta hora creo que non é adecuado para un pleno ás 8 da tarde, nós non nos opoñemos a que sexa pola tarde, pero a unha hora que sí que os veciños incluso poidan vir, pero entendemos que soamente cos cinco grupos e coas tres mocións por grupo, estaríamos ata altas horas aquí, mentras que os veciños teñen as súas familias ás que atender aos seus nenos pequenos, creo que deberíamos retomar o tema e plantexarnos un cambio de horario, é a palabra do grupo popular que vaise a abster.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Dicir que a conciliación da vida laboral e familiar, tamén lle corresponde aos homes, aos homes e as mulleres, se hai fillos nunha casa evidentemente a educación e a conciliación desa vida laboral e familiar correspóndelle tamén aos homes, é revisable o horario, terémolo presente, ímolo a analizar, pero dende logo que o que primeiro debe primar é a participación veciñal,



dende logo que si pomos os plenos as cinco da tarde non creo que veña moita veciñanza a eles, seis, seis e media, sete, pode ser unha hora axeitada, nós o que nos mantemos agora mesmo, que tamén pode ser revisable non seu momento, pero agora mesmo consideramos que é imprescindible que os plenos se realicen pola tarde, creo que estamos maioritariamente a favor, o case todos estamos a favor desa cuestión, polo que pode ser sometida a votación.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSdeG-PSOE, do BNG, de D. O. e CxG e a abstención do PP o seguinte acordo: **“Proposta de alcaldía da periodicidade das sesións do Pleno .**

### **3.- PROPOSTA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

*En virtude do disposto no artigo 21 da lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 61 da Lei de administración Local de Galicia, art.24 do RD 781/1986 polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, e artigo 41 do RD 2568/1986 polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento das Entidades Locais, e da disposición adicional 2ª da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público, e demais normativa concordante.*

*Considerando a previsión do artigo 38 do ROF e as competencias atribuídas ó Pleno polo art. 22 da lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, dáse conta ó Pleno da delegación, na Xunta de Goberno Local, das competencias propias da alcaldía, e proponse a adopción de acordo sobre delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno:*

### **PROPOSTA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL :**

1- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral no expresamente atribuídas ó Pleno, así como á dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización



- 2- Sancionar as faltas de desobediencia a súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, salvo nos casos en que tal facultade estea atribuída a outros órganos.
- 3- A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.
- 4- O outorgamento das licencias, salvo que as leis sectoriais o atribúa expresamente ó Pleno ou á Xunta de Goberno á Goberno Local.
- 5- Ordenar a publicación, execución e facer cumprir os acordos do Concello.
- 6- Corresponden ós Alcaldes e ós Presidentes das Entidades locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, de xestión de servizos públicos, os especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- 7- Así mesmo corresponde ós Alcaldes e ós Presidentes das Entidades Locais a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicadas.
- 8.- Devolución de avais e fianzas
- 9.- Aprobación de certificacións de obras
- 10.- Resolución de expedientes de responsabilidade patrimonial que se interpoñan contra o Concello.
  - Estas delegacións comprenden a facultade de resolución mediante actos administrativos que afecten a terceiros, incluída a de resolver recursos de reposición que poderán interpoñerse contra as resolucións ditadas no exercicio das competencias atribuídas pola presente delegación.
  - Estas delegacións surtirán efectos dende o día seguinte a adopción do presente acordo, sen prexuízo da súa publicación no BOP.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** En relación a este punto cabe destacar que se manteñen as mesmas delegacións de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno, non hai ningunha modificación, tratase de dar a seriedade tamén ao goberno municipal, e polo tanto esa é a nosa proposta, teñen



todos vostedes as delegacións, son exactamente 10 puntos, creo que as mesmas que había anteriormente, son cuestións menores, ten a palabra o voceiro do grupo Compromiso por Galicia.

**O sr. Ramón toma a palabra (CxG):** Simplemente que estamos de acordo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana

**A sra. Varelas toma a palabra:** Tamén estou de acordo

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra a voceira do Grupo Socialista

**A sra. Morenza toma a palabra:** Tamén estou de acordo

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra a voceira do Grupo Popular

**A sra. Vispo toma a palabra:** Propomos a delegación de competencias da alcaldía pero na totalidade do pleno non na Xunta de Goberno Local, vostedes cando foron oposición así o reclamaban.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Evidentemente a proposta do equipo de goberno desta Alcaldía é esta, que é a mesma que no seu momento tiveron,

**A sra. Varelas toma a palabra:** Perdón unha cousa, vos que estabades facendo unha cousa que agora reclamades o contrario, segundo teño entendido é o que acaba de dicir, entón eu rectifico, o que non se pode pedir é na antiga lexislatura unha cousa e nesta outra, ¿podédesme dar unha explicación?. Polo menos para votar convencida.

**O Sr. Fírvida toma a palabra:** Bueno, eu lamento moito que no primeiro pleno despois de oito anos na oposición teñamos que escoitar o que estamos escoitando, entón o que levamos demandando oito anos, é que as competencias que residían no Pleno, non fosen delegadas na Alcaldía e na Comisión de Goberno, que era o que facía o Partido Popular sistematicamente, ademais delegaba todas as competencias que permitía a lexislación, todas, as do Pleno na Alcaldía e na Xunta de Goberno, nós estamos facendo xusto o contrario, si leedes estamos facendo unha delegación da Alcaldía na Xunta de Goberno Local, co cal os grupos da oposición van ter cumprida a información polas actas das Xuntas de Goberno de todo o que alí se fale, é dicir é un exercicio de transparencia e de democracia, a portavoz do Partido Popular nos quere facer crer que é un exercicio de ocultación ou de terxiversación, pero é xustamente o contrario, nós o que estamos facendo é o que dixemos durante oito anos, que todas as competencias que ten o Alcalde que residan na Xunta de Goberno porque así vostedes van a ter toda a información que se pase por Xunta de Goberno, ademais vano ter con moito máis tempo de antelación e esas Xuntas de Goberno van a ter acceso directo a elas, e tamén non solo vostedes senón tamén toda a cidadanía porque o vamos pór na páxina web. Entón os horarios dos plenos, para volver o de antes, solo un segundo, home antes o plenos xa duraban tres ou catro horas, e saíamos ás tres e media ou catro da





tarde, supoño que sería tan difícil de conciliar a vida laboral e familiar ás tres e media da tarde como saíamos antes, que si vimos aquí ás 19:30 e saímos de aquí ás 12:00, entón eu son representante dos veciños, entón a min non me importa estar aquí, tres, catro ou cinco horas, se queredes estar menos tempo non veñades aos plenos, pero se vindes nós queremos estar todo o tempo que se requira para traballar para os veciños, home nunca nos deron de comer aquí despois dos plenos, a proposta de dar de comer xa sei que é unha proposta do Partido Popular, nas campañas electorais dan de comer a todos os participantes que van aos vosos mítines. Entón para contestar á pregunta que fixo a Concelleira de Democracia Ourensana o que estamos aprobando é a proposta de delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno local en concreto son: aprobación dos instrumentos de planeamento, sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade, aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente, que me explique alguén do Partido Popular dos últimos vinteoito anos de goberno do Partido Popular, se isto antes residía na Xunta de Goberno e se tiñamos información puntual sobre estas cousas, porque non é certo e nós estámolo facendo, é dicir, o que dixo a portavoz do Partido Popular é xusto o contrario do que estamos facendo, quíxonos facer ver a nós e a todo o público asistente, de que estamos intentando ocultar algo, como facían eles por certo cando delegaban todas as competencias do pleno, repito delegaban todas, absolutamente todas as competencias que permitía a lei do Pleno na Alcaldía, e as da Xunta de Goberno na Alcaldía, nós estamos facendo xusto o contrario, estamos dando as competencias que debería ter o Alcalde na Xunta de Goberno, iso é o que estamos aprobando agora.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** ¿Alguén quere turno de réplica?, ¿alguén quere facer uso da palabra?

**O sr. Ramón toma a palabra:** Tamén quero que entenda todo o mundo que ten razón o señor Firvida é unha delegación da Alcaldía na Xunta de Goberno e iso supón máis transparencia, nós propuxémoslle a este Grupo de Goberno, que non se delegara nada que corresponde ao pleno nas Xuntas de Goberno e aceptaron, agora mesmo todas as competencias están que son do pleno están no pleno, cando creo que antes había delegacións do Pleno nas Xuntas de Goberno, hoxe non as hai, foi unha proposta de compromiso que aceptou o novo goberno.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Quero deixar claro que esa é a explicación; tanto a que deron o señor Firvida como o señor Padrón, é así, estamos falando das competencias, das delegacións de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno, é dicir son competencias propias do Alcalde, vostede señora Chelo do que está falando é do inverso, das competencias do pleno cedidas na Xunta de Goberno, está falando do contrario, estanse cedendo competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno,



entón eu reclamo o voto a favor do Partido Popular por coherencia, sométese este punto a votación, votos a favor, votos en contra, abstencións

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSdeG-PSOE, do BNG, e CxG, os votos en contra do PP, e a abstención de D.O o seguinte acordo: **“Proposta de delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local”**.

#### **4.- PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE CREACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS. COMPOSICIÓNS DAS MESMAS.**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pois ben, anteriormente no anterior grupo de goberno creo lembrar que había seis comisións informativas, seis si, exactamente seis, este novo grupo de goberno plantexa a creación de dez comisións informativas, por unha razón ben sinxela, créanse comisións informativas, créanse áreas novas de goberno precisamente para darlle impulso e importancia aqueles sectores que consideramos no Concello que teñen máis relevancia para o seu desenvolvemento económico e social. As áreas que se pretenden crear, as comisións informativas que propoñemos aquí no pleno son:

- 1.- Protección Civil e Policía Local**
- 2.- Facenda, Patrimonio e Cooperación.**
- 3.-Persoal e Réxime Interior.**
- 4.-Promoción Económica, Turismo e Mobilidade.**
- 5.- Servizos Sociais, Sanidade e Participación Veciñal**
- 6.- Urbanismo, Infraestruturas, Vías e Obras e Servizos e Vivenda.**
- 7.- Cultura, Mocidade e Igualdade**
- 8.- Deportes**
- 9.- Medio Ambiente, Parques, Xardíns e Limpeza Viaria.**
- 10.- Comercio, Educación e Formación.**

Quero destacar a creación da área de Comercio; O noso Concello un dos eixes fundamentais da súa actividade económica e do seu potencial económico está centrado no pequeno comerciante no autónomo, por iso consideramos que temos que ten que haber unha área específica para o seu



desenvolvemento. Outra demanda que nos fixo sistematicamente a veciñanza ao longo distes anos foi o da limpeza viaria, por mala calidade, polo tanto e un área que temos potenciar, e que consideramos que é fundamental para mellorar a calidade de vida dos nosos veciños. Disgregamos Cultura e Deporte, porque tamén somos conscientes da actividade que se desenvolve nese área e que debe ter un traballo específico, un control específico. Destaco tamén a creación da área de igualdade, non de familia se non de igualdade, queremos tratar a diversidade, queremos contar con todo tipo de familias, queremos potenciar a transversalidade de eses tipos de políticas e polo tanto, consideramos que é imprescindible a creación deste área, e como dixen antes Cultura separado de Deportes porque teñen unha identidade propia. Destacar tamén a creación da área de Vivenda, dentro do que é Urbanismo, Vías e Obras e vivimos nunha crise económica profunda que afecta a todos os nosos conveciños e conveciñas, e que en moitos casos están afectados por problemas que lle repercuten na súa vivenda. Falamos tamén dun área de Servizos Sociais, Sanidade e Participación Veciñal e tamén se crea a área de Turismo e Mobilidade, o Turismo está intimamente vencellado ao desenvolvemento económico, a Mobilidade é un dos aspectos fundamentais do noso Concello, falamos non só de mobilidade a nivel intermunicipal senón tamén dentro do Concello e despois tamén se crea a área dentro de Facenda, Patrimonio e Cooperación queremos ser un Concello solidario, e consideramos que para elo é importante ter esta presenza, sometemos a consideración tamén dos Concelleiros e Concelleiras a composición das comisións. O obxectivo deste goberno é de respectar, o obxectivo non, ten que ser así, respectar a proporcionalidade dos resultados das eleccións municipais, neste caso o Partido Popular tivo seis concelleiros, o Grupo Socialista cinco, o Bloque Nacionalista tres, Democracia Ourensana dous, e Compromiso por Galicia un, é a única forma de manter esa representatividade, esa proporcionalidade é tendo catro concelleiros ou concelleiras do Partido Popular, tres o Grupo Socialista, dous o Bloque Nacionalista, un membro de Democracia Ourensana e outro membro de Compromiso, isto suman once concelleiros e concelleiras máis a presenza do Alcalde que é o Presidente desa comisión, cédolle a palabra a cada un dos membros do equipo neste caso a Compromiso por Galicia para que expoña a súa opinión.

**O sr. Ramón toma a palabra:** Gustaríame señor Alcalde, se pode empezar a falar a representante do Partido Popular

**O sr. Alcalde toma a palabra:** É que o regulamento indica que empeza o voceiro con menos votos.



**O sr. Ramón toma a palabra:** E que a mín gustárame oír antes as opinións dos outros antes de falar, sobre todo da xente que ten máis experiencia, pois eu non teño nada que dicir, son cousas das que eu aínda non tiveren experiencia ningunha, paréceme ben e vou a votar a favor.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Nada a min pásame igual que o compañeiro, tampouco teño experiencia e tampouco vou a alegar nada.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a uso da palabra o voceiro do Grupo Nacionalista.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** O Grupo Nacionalista entende que se respecte a representatividade municipal e polo tanto votamos a favor.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra a voceira do Grupo Socialista.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Nós dicir que nesta reestruturación de áreas queremoslle dar importancia a presenza dos concelleiros na vida municipal, na vida dos veciños e das veciñas e por iso se fixo esta división e déuselle importancia a áreas que antes non a tiñan.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra a voceira do Grupo Popular.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Entendemos que a decisión do Grupo de Goberno é da creación de comisións informativas, sen embargo estamos en contra da composición das mesmas xa que non supón proporcionalidade sobre un membro do Partido Socialista, el Alcalde, son catro e catro,

**A sra. Secretaría toma a palabra:** Perdón aquí teño que informar legalmente, nas composicións no número de membros dos grupos municipais, non se conta ao Alcalde que é Presidente nato de todas elas, está descontado tanto na Xunta de Goberno Local como nas Comisións Informativas

**O sr. Alcalde toma a palabra:** ¿Algunha toma de palabra máis? ¿Ou sometémolo a votación?, votos a favor, votos en contra, abstencións

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade cos votos a favor do P.P do PSdeG-PSOE, do BNG, D.O e C.X G. o seguinte acordo: **“Proposta de Alcaldía sobre creación de Comisións Informativas. Composición das mesmas”**.

**5.- PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS: CONSELLO ESCOLAR, XUNTA LOCAL DE SEGURIDADE, GDR, PADROADO EXPOURENSE E MESA LOCAL DE COMERCIO.**



**O sr. Alcalde toma a palabra:** A proposta é a seguinte:

- **Consello Escolar: D. Margarita Pérez Fernández**
- **Xunta Local de Seguridade: D. Xose Carlos Valcarcel Doval**
- **GDR: D. Xosé Manoel Fírvida Plaza. No caso de imposibilidade de asistencia nomear a D. Serafín Núñez Pérez como suplente.**
- **Padroado de Expourense: D. Xosé Manoel Fírvida Plaza**
- **Mesa Local de Comercio: D. Xosé Carlos Valcárcel Doval**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra o Concelleiro de compromiso por Galicia.

**O sr. Ramón toma a palabra:** Eu voto a favor.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra o Concelleiro de Democracia Ourensana.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Eu voto a favor.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O Partido Socialista xa fixo un xesto de asentamento. Ten a palabra a Concelleira do Partido Popular.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Están vostedes facendo o que criticaron durante todos estes anos, deixando a oposición fora de representación en órganos colexiados, e non estamos de acordo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** ¿Alguén quere facer uso do segundo turno de palabra?

**O sr. Ramón toma a palabra:** Eu agora que escoitei a representante do Partido Popular, gustárame que os representantes do goberno dixeran si iso é verdade ou é mentira.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** A ver non vamos estar catro anos rebatendo o que diga Consuelo Vispo e acusándonos do que levamos dito na oposición durante oito anos, negámonos a facer iso, porque estamos aquí para gobernar, entón solo para dar unha explicación, nunca dixemos tal cousa nunca, por que a representatividade do goberno nos órganos onde teñen representación corresponde ao grupo de goberno, é que ademais é lóxico, porque mira un grupo de nós imos a estar liberados, entón dispomos, nós vamos a dedicar todo o día e todos os días da semana á xestión do traballo municipal, entón ¿quén vai a acudir en representación do goberno a eses órganos de xestión?. Pero é que é máis acabo de vir do padroado de Expourense, agora mesmo, coincidiu é unha coincidencia, se non vai o grupo de goberno como transmitimos isto na dación municipal? Sería imposible

**A sra. Varelas toma a palabra:** Imos a ver, é que aquí temos un problema, a miña experiencia neste sabédelo todos que non teño, entón claro pásame un pouco como ao compañeiro Moncho, que é que



votar algo que realmente nun pleno tan rápido, sen experiencia, eu véxome, claro votar, a ver é que eu non quero que andedes para diante e para atrás, entendo que non vamos a andar rebatendo o pasado, pero claro eu para ser libre de votar algo teño que estar moi convencida do que vou a votar, entón eu vexo que estou nun pleno que un día unha cousa, outro día outra eu estou un pouco sobrepasada, a ver eu estou sendo sincera

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Cédolle a palabra a señora Secretaria

**A sra. Secretaria toma a palabra:** A representación nata de calquera entidade na que participe o Concello correspóndelle ao Alcalde Presidente, é evidente, a cuestión é que polo imposibilidade da bilocalización para estar en dous sitios o mesmo tempo se levan a cabo ese tipo de representacións, pero sinalar que a representación nata correspóndelle ao Alcalde

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Cédolle a palabra a señora Vispo.

**A Sr. Vispo toma a palabra:** Para que vexan que non mentimos, poden remitirse á acta da sesión extraordinaria do Concello Pleno de data 17 de xuño de 2011 onde o Señor Valcarcel di: “ que afondando no talante democrático e na transparencia, sería exemplarizante o elixir a dous representantes do Concello de Barbadas, da oposición” e poden leelo, non estou inventando nada, “para participar por exemplo no Consello Escolar, o que lle resposta Dona Ánxela González que é un órgano cunha composición determinada e que non se poden introducir máis membros”. E si queredes pode seguir lendo, pero non fai falla.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eu quero responder a iso, gustárame que volverá a releer iso, porque hai día da introdución de máis membros, pero acabar de dicir a Señora Secretaría, que nós é certo que nunca lle preguntamos sobre a composición deses órganos que non é posible, esa é a razón, nunca soubemos que eran membros natos, e de que se podía delegar, nós o que propoñiamos nese documento precisamente, era incorporar máis membros, non substituír aos membros do equipo de goberno.

**Sr. Firvida toma a palabra:** En moitos destes organismos non se pode duplicar a representatividade do Concello porque solo temos, digamos un posto nestes órganos, como é a mesa local de comercio, o padroado, como é o GDR, como é a Xunta Local de Seguridade, se están vostedes preocupados por non pertencer ao Consello Escolar, xa lles anticipo que vamos a crear o Consello Municipal Escolar onde terán cabida todas as propostas da oposición e todas as persoas que queiran formar parte del, polo tanto ese vai ser o órgano de participación e de colaboración municipal, non só cos grupos da oposición se non con toda a veciñanza, pero a representatividade do goberno ademais de ser



unipersoal, nós non podemos mandar dúas persoas a estes organismos, porque non o ían a permitir, pois como quedou explicado correspondelle ao grupo de goberno porque despois con ese traballo é co que se realizan as funcións que temos que facer.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Sométese a votación, votos a favor, votos en contra, abstencións, queda aprobada por unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade cos votos a favor do P.P do PSdeG-PSOE, do BNG, D.O e C.X G. o seguinte acordo: **“Proposta de alcaldía sobre designación de representantes da Corporación en órganos colexiados: Consello Escolar, Xunta Local de Seguridade, GDR, Padroado Expourense e Mesa local de Comercio”**

### 6.- DEDICACIÓNS CONCELLEIROS.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Se retira temporalmente este punto para o seu estudo.

### 7.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DE ALCALDÍA.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Dación de conta de decretos de alcaldía sobre

- 1.- Nomeamento de tenentes de Alcalde
- 2.- Nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local
- 3.- Presidencia das Comisións Informativas
- 4.- Delegacións da alcaldía en Concelleiros
- 5.- Delegación de sinatura para a tramitación de documentos administrativos.

**A sra. Secretaría toma a palabra:** Se informa de que unha dación de conta non será sometido a votación.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Señor Alcalde, nós queremos saber que pasou co punto número 6, queremos unha explicación de porque se deixa enriba da mesa.

**O Sr Alcalde toma a palabra:** Simplemente que se retira agora mesmo, queremos estudalo, queremos retomalo



**A sra. Vispo toma a palabra:** Pero o Grupo Popular quere unha explicación, ¿ que é o que pasou?, desde que está na acta do Pleno, desde a convocatoria, ¿ queremos saber o que pasou?

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** A explicación é ben doada, simplemente que estamos analizando a situación económica do Concello, que vostedes deixaron, como ben saben como a deixaron, cas arcas do Concello a nivel orzamentario están en cero, vostedes gastaron en catro meses o orzamento de doce, e a partir de hai nós temos que someter a consideración de todos os nosos concelleiros a situación na que se atopa o Concello, esa é a razón, non hai outra, eu teño aquí o listado de execución do orzamento deste Concello e pódollos ensinar aquí e pódenos ver, entón esa é a realidade e esa é a razón. Aquí está o estado de execución do orzamento e a razón é esa podo informar por exemplo a cidadanía que está aquí presente, que por exemplo os importes, os remanentes de caixa que hai no orzamento por exemplo para pagar as monitoras de manualidades non son suficientes. Por exemplo podo informar tamén que a Señora Consuelo Vispo Seara Concelleira de Deportes deste Concello ata hai poucos días, que as reparacións que hai que efectuar na piscina, pois non hai orzamento para pagalas, e vostedes xa comprometeron as facturas, e esas facturas xa superan o importe que hai aquí neste orzamento de remanente, esa é a razón, ¿ quedoulle respondida a pregunta?

**A sra. Varelas toma a palabra:** Imos a ver, a min non me parece lóxico que vostedes non pasen uns puntos a seguir e que cheguen aquí e digan non o vamos a tocar, porque entón eu perdo tempo mirando cousas, e eu estiven mirando o que me pasaron e é vergonzoso o meu entender, que aquí antes solo tiña o tenente alcalde dedicación exclusiva, agora hai cinco concelleiros con exclusivas, ándanse subindo os soldos, cando en toda España andan baixando os soldos, a que ven ¿ isto? Eu non entendo nada

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Ese asunto está retirado da mesa agora mesmo, e non se pode debater.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Retírouno así da mesa, pero eu non sei si é normal que vostedes pasen uns puntos e chegados cinco minutos antes se retiran, eu preguntollos a Secretaría.

**A sra. Secretaría toma a palabra:** Informo novamente, é absolutamente legal que o Alcalde que é quen fai o orden do día, retire da orde o punto que lle pareza conveniente, que ocorre, que no momento da convocatoria ese era o punto que existía, trasladóuselle a documentación aos señores Concelleiros, neste momento pola Alcaldía decide retirarse, é absolutamente legal e polo tanto non hai lugar a debate sobre un punto, unha cousa é que quera dar unha explicación de tipo político que por suposto está no seu dereito.





**O Sr. Alcalde toma a palabra:** E a explicación como dí a Señora Secretaría acabo de dicila, son os resultados dos orzamentos deste Concello,

**A sra. Vispo toma a palabra:** Grazas por darme a oportunidade, durante vinteoito anos que a estado o Partido Popular neste Concello, eu podó falar das dúas últimas lexislaturas nunca se a deixado de pagar nin unha sola factura, cando hai un problema o Concello nese momento sabía o que tiña que facer, se vostedes non o saben no lo teñen que demostrar, vamos a ver as arcas neste momento, todos sabiamos o que era o presuposto é está hai, e cando hai un problema hai que resolvelo e o Partido Popular resolveuno sempre, e se hai maneiras para seguir tirando deste Concello, se vostedes non a saben e temos que ensinarllas nós, non temos ningún problema.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas pola súa intervención, nós tamén sabemos como saír adiante señora Vispo, o que me chama a atención é a tomadura de pelo a que vós someteron a todos os veciños e veciñas deste Concello, porque gastar o orzamento de doce meses en catro, ten un único fin, un único obxectivo que é o do rédito electoral, para iso vostedes gastaron o orzamento, pero ademais mal gastado, porque aquí aínda nos atopamos con obras que fixeron vostedes que resulta que son nefastas, que son prexudiciais para a cidadanía, como por exemplo puido ser a capa de chapapote, gravilla ou como lle queirades chamar, que votaron hai dous meses, como poder ser a obra que fixeron vostedes no parque onde o río, nas torres que non se lle foi demandada por ninguén, pero que a fixeron de presa e correndo para ter un rédito electoral, ese é o traballo que vostedes fixeron ao longo destes catro meses con este orzamento, esa foi a súa unica finalidade, elaborar un orzamento para un despilfarro electoral, e nós temos agora que sacar este Concello adiante e pode ter vostede a certeza absoluta de que o imos a sacar.

Agora pasamos as dación de contas como dí a Señora Secretaria, eu vou dar conta das decisións sobre o punto sete.

### **1.- Primeiro é nomeamento de tenentes de alcalde**

- Xosé Manoel Fírvida Plaza
- Victoria Morenza Doforno
- Ánxela González Cid
- Margarita Pérez Fernández

### **2.- Membros da Xunta de Goberno Local**

- Xosé Manoel Fírvida Plaza
- Victoria Morenza Doforno



- Ánxela González Cid
- Margarita Pérez Fernández

**3.- Presidencia das Comisións Informativas**, correspóndelle ao Alcalde de forma nata

**4.- Delegación da Alcaldía en Concelleiros.**

- Protección Civil e Policía Local: Xosé Carlos Valcárcel Doval
- Facenda, Patrimonio e Cooperación: Xosé Manoel Fírvida Plaza
- Persoal e Réxime Interior: Xosé Carlos Valcárcel Doval
- Promoción Económica, Turismo e Mobilidade: Xosé Manoel Fírvida Plaza
- Servizos Sociais, Sanidade e Participación Veciñal: Serafín Núñez Pérez
- Urbanismo, Infraestruturas, Vías e Obras e Servizos e Vivenda: Victoria Morenza Doorno
- Cultura, Mocidade e Igualdade: Ánxela González Cid
- Deportes: Adrián Varela Vázquez
- Medio Ambiente, Parques, Xardíns e Limpeza Viaria: José Rafael Sierra Carril
- Comercio, Educación e Formación: Margarita Pérez Fernández

**5.- Delegación de sinatura para a tramitación de documentos administrativos**, queda delegada no tenente alcalde D. Xosé Manoel Fírvida Plaza.

Non hai nada máis que debater na orde do día e polo tanto levantase a sesión. Moitas grazas a todos e grazas ao público.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 20:45 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO



## CONCELLO DE BARBADÁS

---

